



## INSTRUCCIÓN DE REDUCCIÓN DE XORNADA PARA O ANO 2024

O SERGAS dá por pechada a negociación das Instrucións de redución de xornada para o ano 2024.

Para **CIG-Saúde** o acordo de redución de xornada que asinamos o 20 de abril de 2023 é de aplicación **para todo o persoal do SERGAS sen excepción**, e debe recoñecerse que a xornada ordinaria no 2024, con carácter xeral, será de 1575 horas.

### Pero que fai o SERGAS?

A instrución emitida polo SERGAS recolle a **OBRIGA** dos/as FEAs, Médico/a de familia, pediatra de AP e FEAP de facer as xornadas programadas de sábados, retribuíndo como garda ata un máximo de 10 sábados.

No caso do persoal enfermeiro, a realidade supera as instrucións, xa que o que debiera ser a excepción pasa a ser a norma, establecendo a realización e pago dos sábados de oficio sen comprobar se é posible a contratación.

### Que defende CIG-Saúde?

Para **CIG-Saúde** a primeira opción ten que ser que os/as profesionais poidan reducir a xornada, cubrindo esa ausencia mediante persoal contratado.

Só no caso de que isto último non sexa posible pola falta de profesionais, se compensará a realización da quenda retribuíndoa polo valor de garda de presenza física.

**CIG-Saúde defende o acordo asinado e esixe a aplicación do mesmo en igualdade de condicións para todas as categorías!**



DECEMBRO 2023

